



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D. Laura Garcia Santiago

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día trinta de decembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Laura Garcia Santiago e actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 23 de decembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 23 de decembro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, o secretario accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:



- Ministerio de Facenda, Orde HAC/1517/2025, de 18 de decembro, pola que se modifica a Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/20112, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. BOE número 311, de 26-12.2025.

- Ministerio de Facenda, Orde HAC/1518/2025, de 18 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2026. BOE número 311, de 26-12.2025.

- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2005 por maior achega provincial. BOP número 246, de 24-12-2025.

- Servizo de Vías e Obras da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras, en réxime de concurrencia, do programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP0046/2025). BOP número 246, de 24-12-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 19 de decembro de 2025 ao 24 de decembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1268/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1313/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1268/2025	19-12-2025	Considerar desistido a IJH da solicitude da axuda económica de emerxencia social establecida no artigo 13 da Ordenanza reguladora, concretamente para lentes correctoras, solicitada con data 19/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1269/2025	19-12-2025	Estimar as alegacións presentadas por CCP, en representación de FGC, en relación co expediente incoado como consecuencia dos ruídos presuntamente da actividade do local sito na rúa Polígono, O Temple e como consecuencia ordenar a finalización do procedemento con arquivo das actuacións
1270/2025	19-12-2025	Ordenar a suspensión definitiva das obras realizadas por MFM na parcela sita en Estrada da Estación, consistentes na demolición integral da edificación existente na citada parcela, sen axustarse á licenza concedida mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de agosto de 2021
1271/2025	19-12-2025	Desestimar as alegacións presentadas por MSB en representación de FMFM. Ordenar a suspensión definitiva das obras realizadas por Fatima Fariña Mouriño na parcela sita en Estrada da Estación, consistentes na demolición integral da edificación existente na citada parcela, sen axustarse á licenza concedida mediante resolución do

		concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de agosto de 2021
1272/2025	19-12-2025	Aprobar as diferenzas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social e ás retencións do IRPF do mes de agosto de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos por importe total de 171,15 e 61,28 euros respectivamente
1273/2025	19-12-2025	Desestimar as alegacións presentadas por FJML por canto que non desvirtúan os feitos denunciados, consistentes na instalación dunha caseta sen título habilitante, sendo a súa obtención obligatoria de acordo co disposto polo artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Ordenar a demolición das obras realizadas por FJML na parcela sita en Roncesvalles, Brexo-Lema, consistentes na instalación dunha caseta de madeira sen título habilitante
1274/2025	19-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de decembro de 2025
1275/2025	19-12-2025	Conceder un anticipo por importe de 3.005,06 euros a devolver en 12 mensualidades. Solicitante: RPM
1276/2025	19-12-2025	Aprobar a referida nómina da paga extraordinaria de decembro de 2025 cun total retribucións brutas paga extraordinaria 235.032,66 €
1277/2025	19-12-2025	Conceder un anticipo por importe de 3.000 euros a devolver en 12 mensualidades. Solicitante: AMMSG
1278/2025	19-12-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no seu informe de data 13 de decembro de 2024, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 16 de decembro de 2025. Aprobar a xustificación presentada polo Club Ciclista Cambre e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre
1279/2025	19-12-2025	Considerar desistido a FJAM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 26/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1280/2025	19-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JPP
1281/2025	19-12-2025	Considerar desistida a MCA da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 04/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1282/2025	19-12-2025	Considerar desistida a MdelCVR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 15/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1283/2025	19-12-2025	Considerar desistido a LTB da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 10/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1284/2025	19-12-2025	Considerar desistido a AGT da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data



		03/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1285/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de MMV falecida o día 7 de decembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 122, letra D fila 1, no cemiterio municipal de Cambre, en data 8 de decembro de 2025. Solicitante: JCMB
1286/2025	19-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MCCF
1287/2025	19-12-2025	Considerar desistido a JJSC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 12/08/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1288/2025	19-12-2025	Considerar desistida a MSCA da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 25/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1289/2025	19-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MJLD
1290/2025	19-12-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de novembro de 2025 por importe de 56.983,15 euros
1291/2025	19-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 1.628,40 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS, técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo
1292/2025	19-12-2025	Declarar a renuncia de AGR á comunicación previa presentada para as obras de acondicionamento de local para destinar a peluquería situado na rúa Emilia Pardo Bazán, parroquia do Temple. Declarar concluso o procedemento instruído e archivar o expediente correspondente
1293/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por resolución da Alcaldía núm. 637 do 11 de maio de 2011 a Mª MLL para o acceso á vivenda unifamiliar situada na rúa Tapia, parroquia do Temple, a prol de JFML
1294/2025	19-12-2025	Declarar a renuncia de RDL á licenza de vao permanente concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras nº 154 do día 2 de febreiro de 2023 para o acceso á vivenda unifamiliar situada na estrada Cambre-Temple, parroquia de Cambre
1295/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 40 do día 12 de xaneiro de 2022 a JVB, para o acceso ao almacén e garaxe particular situado na rúa Pígara, do Temple, a prol



		de JMUG
1296/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de MML falecida o día 20 de novembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 33, letra C, do cemiterio municipal de Cambre, en data 21 de novembro de 2025. Solicitante: MJMV
1297/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión do dereito de uso da urna perimetral sinalada co número 35, letra B no cemiterio municipal de Cambre en favor de INC
1298/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de LTP falecido o día 11 de novembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 137, letra A, do cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: RTC
1299/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de ACE falecido o día 11 de novembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 113, letra B, do cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: CCN
1300/2025	19-12-2025	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 174 letra D, no cemiterio municipal de Cambre, a favor de AML co fin de inhumar o cadáver de MTMN
1301/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de CCC falecida o 6 de novembro de 2025, foi depositado na urna perimetral sinalada co número 62 letra C, do cemiterio municipal de Cambre en data 7 de novembro de 2025. Solicitante: JMPC
1302/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión do dereito de uso privativo da urna central sinalada co número 47, letra C, e da urna perimetral sinalada co número 141, letra A, do cemiterio municipal de Cambre, en favor de ECO
1303/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de ANE falecido o día 26 de outubro de 2025, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 17, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, en data 29 de outubro de 2025. Solicitante: MPMG
1304/2025	22-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NBB
1305/2025	23-12-2025	Aprobar as certificacións de obra e aprobar as facturas por un importe total de 45.711,78 euros
1306/2025	23-12-2025	Comparecer no procedemento ordinario nº 0000271/2025 demanda JJPM e LMM contra o Concello de Cambre desestima por silencio administrativo o requirimento contra a inactividade da administración demandada no cumprimento da obriga recollida no convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e os recurrentes de data 8 de xuño de 2017, perante o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial da Coruña
1307/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe



		de intervención de data 12.12.2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude con data 19.12.2025. Aprobar a factura por importe de 76.835,00 euros
1308/2025	23-12-2025	Aprobar o aboamento da diferenza da nómina correspondente ao mes de novembro de 2025 OSM por importe de 1.387,10 €
1309/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 20.12.2025. Aprobar as facturas por importe de 266,87 euros
1310/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención informe de intervención de data 10.12.2025, tendo en conta os informe emitidos polo oficial, en funcións de xefe da Policía Local con data 12.12.2025 polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 16.12.2025, pola responsable da Axencia de Desenvolvemento local con data 15.12.2025, polo responsable do sistema informático con data 15.12.2025, pola coordinadora de Servizos sociais con data 17.12.2025 e polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 21.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 5.015,70 euros
1311/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 13 de marzo de 2025, tendo en conta os informes emitidos polo responsable do sistema informático con data 22.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 2.318,12 euros
1312/2025	23-12-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 28 de setembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 21 de decembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 874,30 euros
1313/2025	23-12-2025	Comparecer no procedemento abreviado número 0000066/2025-M recurso contencioso administrativo interposto por MVOL contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de retribucións referida e reclamando o expediente administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación ao letrado/a que corresponda da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira